



Concello de Trazo

# V Carreira Do Entroido



## V Carreira Entroido Trazo

**LUGAR : VIAÑO PEQUEÑO**  
INSCRICIÓN GRATUITA  
[www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)  
[serviciosdeportivostrazo@gmail.com](mailto:serviciosdeportivostrazo@gmail.com)  
Pavillón Municipal Trazo.  
**22/02/2020**

**ORGANIZAN**  
  
Concello de Trazo  


### TRILLAZO

Sub 16 / Sub 18 / Adultos/as  
Kora da proba:  
**10:00h.**  
Distancia:  
**3 Millas/4,8Km.**

### CARREIRA DISFRACES

Vir disfrazado/a.  
Kora da Proba:  
**11:00h.**  
-Distancia:  
100m Pitufos/as  
200m Sub 10  
400m Sub 12  
400m Sub 14  
1,2Km Sub 16 / Sub 18 / Adultos/as.

### BÚSCANSE

- 3 Primeiros postos en cada carreira
- Mellor Disfrace.
- Mellor disfrace feito na casa.
- Mellor disfrace colectivo

### MENÚ

- BOLA E CHOCOLATE
- FILLOAS
- GHOURIZOS
- MÚSICA
- INCUBABLES



Concello de Trazo

# V Carreira Do Entroido



## REGULAMENTO DA PROBA

### ⊖ FILOSOFÍA DA PROBA

O Concello de Trazo organiza coa colaboración da Federación Galega de Atletismo esta proba dende fai 4 anos. O carácter lúdico da mesma é pé fundamental xunto co fomento do deporte. O primeiro ben dado polas datas do Entroido nas que ten lugar a proba e o segundo foi en aumento.

Para manter o carácter lúdico realizarase unha carreira con distintas categorías nas **que é obrigatorio participar disfrazado**.

No caso do obxectivo deportivo contamos co **TRILLAZO** (3 millas de Trazo), que ten un percorrido polas inmediacións de Viaño Pequeno (lugar de comezo e fin da proba). Cunha superficie mixta de asfalto e pista forestal. Nesta proba non é imprescindible ir disfrazado.....

~~~~~ aínda que non será prohibido ~~~~~

As dúas probas teñen un carácter popular, non profesional, nas que pode participar todo aquel que o desexe. **PROBA GRATUITA PARA TOD@S.**

### ⊖ LUGAR DA SAÍDA E CHEGADA

Nas inmediacións do Concello de Trazo, Viaño Pequeno-Trazo.

<https://www.google.com/maps/place/15687+Via%C3%B1o+Pequeno,+La+Coru%C3%B1a/@43.0260187,-8.5180601,375m/data=!3m1!1e3!4m5!3m4!1s0xd2ef79724b2faeb:0x7813e7ca74c831d8!8m2!3d43.0255486!4d-8.5179965>

### ⊖ CATEGORÍAS

| CATEGORÍA                | ANOS DE NACIMENTO          |
|--------------------------|----------------------------|
| Pitufos/as               | Nados 2013 e posteriores   |
| Sub 10                   | Nados en 2011 e 2012       |
| Sub 12                   | Nados en 2009 e 2010       |
| Sub 14                   | Nados en 2007 e 2008       |
| Sub 16-Sub 18-Adultos/as | Nados en 2006 e anteriores |

### ⊖ HORARIOS

| CATEGORÍA                         | HORAS  | DISTANCIA      |
|-----------------------------------|--------|----------------|
| TRILLAZO (Sub16-Sub18-Adultos/as) | 10:00h | 3 Millas/4,8km |
| Pitufos/as                        | 11.00h | 100m           |
| Sub 10                            | 11:10h | 200m           |
| Sub 12                            | 11:20h | 400m           |
| Sub 14                            |        | 400m           |
| Sub 16-Sub 18-Adultos/as          | 11:30h | 1,2km          |

A partir das 9:00h abrírase a Secretaría da proba para retirar o dorsal.

Ata ½ hora antes do comezo da correspondente carreira.



Concello de Trazo

# V Carreira Do Entroido



## ⊖ INSCRICIÓNS

As inscricións na proba serán gratuítas para todas as categorías.

A data límite de inscrición será o mércores 19 de febreiro de 2020 ás 24:00h.

| Lugar                                                                  | Datos a aportar   |                    |
|------------------------------------------------------------------------|-------------------|--------------------|
| <a href="http://www.carreirasgalegas.com">www.carreirasgalegas.com</a> | Nome e apelidos   | Telefono           |
| serviciosdeportivostrazo@gmail.com                                     | Home/muller       | e-mail             |
| Pavillón Municipal Trazo                                               | Data de nacemento | Federado/a--si/non |
| Concello de Trazo                                                      | NIF               |                    |
| Tlf: 682902185                                                         |                   |                    |

Non hai límite de participantes.

## ⊖ CONTROL DE CHEGADA

O cronometraxe correrá a cargo da Federación Galega de Atletismo.

Tódalas reclamacións deberán realizarse verbalmente ao Xuíz Árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais.

Ó longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos.

## ⊖ PARTICIPACIÓN

Os/as participantes deberán respectar o medio no que se realiza a proba e manter limpo a contorna da mesma. Para tal fin débese comer e beber **sen deixar ningún envase fora dos recipientes habilitados**.

Tódolos/as participantes da proba deberá levar **en todo momento** o dorsal facilitado pola Organización, nun lugar visible (parte anterior do corpo) non podendo ser recortado, dobrado nin modificado. O incumprimento carrexará a descualificación do/da corredor/a.

O percorrido da proba estará marcado con sinais visibles e facilmente identificables. A Organización terá os puntos de control oportunos para o correcto desenvolvemento da proba.

## ⊖ AVITUALLAMENTO Ó FINAL DAS PROBAS E SERVIZO DE DUCHAS

Ó fin de cada proba proporcionarase @s deportistas unha bolsa con bebida, froita...

A organización disporá de servizo de duchas no Pavillón Municipal para tod@s @s deportistas.



Concello de Trazo

# V Carreira Do Entroido



## ⊖ PREMIOS

Recibirán medallas os tres primeiros e as tres primeiras clasificadas de cada carreira por categorías. Na carreira de pitufos levarán medalla tod@s @s participantes.

Recibirán un premio especial os mellores disfraces nas diferentes carreiras, en categoría infantil e adulto. Premiarase ó Mellor disfrace, Mellor disfrace feito na casa e Mellor disfrace colectivo.

O xurado levará a cabo a valoración dos disfraces ó longo da xornada.

A entrega dos premios levarase a cabo ó fin de todas as probas.

## ⊖ SEGURO DE ACCIDENTES E RESPONSABILIDADE CIVIL

Tod@s @s participantes inscrit@s estarán amparados por unha póliza de seguro de accidentes (licencia ou licencia de día) e responsabilidade civil concertada por o concello de Trazo. Estarán excluídos os derivados dun padecemento latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das leis,... Tamén quedarán excluídos os producidos por desprazamentos a ou dende o lugar no que se desenvolve a proba.

Todo o non recollido no presente Regulamento rexirase polas normas da FGA, RFEA e IAAF.

**ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.